

16 // proPostas

# Carroll


## retranqueiro

**Infantil** A adaptación ao galego de Lado mima a linguaxe e o humor

A absurda lóxica que atravesada o orixinal inglés axita tamén esta deliciosa adaptación que María Lado fai do *Alicia no País das Marabillas* de Lewis Carroll, diácono anglicano e profesor de matemáticas en Oxford que escribe a obra para a pequena Alicia Liddell, filla do decano da súa universidade, ateigada de trusgadas persoais referidas á vida da Alicia real e as súas irmás. A proposta estética de Lado é froito da esmerada lectura dunha obra difícil, considerada pola crítica como exemplo soberbio do subxénero inglés do *non sense*. Algúns dos recursos empregados por Carroll para dar conta dese fino humor baseado na intelixencia foron adaptados pola poeta botando man dunha retranca de raizame galega, con expresións da nosa fraseoloxía que manteñen o espírito do orixinal, no sentido de non provocar a risa senón de penetrar nun plano máis intelectual e emocional: “Pido papas”, “A Raíña! Ai mi madriña, que aí vén a Raíña! / “A min non me gusta o té e, aínda que me gustase, o seu non era máis que auga choca”.

O orixinal inglés é un relato complexo sen marcas de idade, e mesmo de xénero, ¿estamos ante unha fábula infantil, unha narración fantástica ou un relato humorístico? A adaptación de Lado vai dirixida tanto a primeiros lectores (coa axuda dun mediador adulto) como a lectores autónomos, de aí que o texto non estea completo e que a peneira

**Alicia no país das marabillas** ·  
Lewis Carroll, María Lado (adaptación),  
Ana Santiso (il.) ·  
Ed. Do Cumio, 2010 ·  
36 páx · 14,95 euros



se fíxese con criterios de comprensión para estes dous tramos lectores. Esta mesma intencionalidade déixase sentir no emprego abundante do diminutivo con valor afectivo: “caixiña”, “pasteliño”, “curriño”, “ramiño”, “manteliño”, “cadeiña”; no uso do dativo de solidariedade, que busca implicar o oínte na información que se ofrece: “Élle un día un pouco desconcertante”, “Isto éche cousa do Cinco”, “Tanto che me ten”; ou na adaptación hipocorística do gato de Cheshire que recupera unha das voces galegas infantís para nomear este animal: “Señor Micho”.

A obra de Carroll é un produto da era vitoriana e está repleta de horas de té e croquet, refráns ingleses e personaxes locais. A *Alicia* de Lado foi concibida con sensibilidade para os nenos e nenas galegos, a través de palabras escollidas cun criterio memorialista que levan os lectores a adormecer na hora da sesta nun escenario de estética galega “moi curriña”, coa súa “ribeira de ameñeiros, á beira dun río, nun outeiro soleado baixo dunhas xestas”, para esvarar logo por unha tobeira ata o mundo subterráneo de Alicia-Lado, como se a nena María que un día foi, volveuse aos paraísos da infancia na



Ilustración de *Alicia no país das marabillas* // Ana Santiso

Costa da Morte para dar vida, coas súas lembranzas de escenarios queridos e vividos, a paisaxes moi nosas de carballos, salgueiros e castiñeiros, habitadas por michos, leiróns, o Sombreireiro ou a Lebre de Marzo.

Tamén o criterio da memoria evocadora determina a selección presentada no campo semántico das lambetadas, como son as “filloas con azucre”, “as orellas de Entroido” ou “o lacón con grelos”.

O álbum de gran formato e a toda cor presenta unha sobria proposta gráfica da artista Ana Santiso, que nos permite viaxar con Alicia a un mundo de paisaxes oníricas de factura delicada e suxestiva. // **Ánxela Gracián**